



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Ramón Fernández Alfonso**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia con número de rexistro **907 (11/PNC-000065)**, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galiza ao Goberno Central en relación coa carga de traballo para NAVANTIA, incluída na orde do día da Comisión 6ª que se celebrará o vindeiro día 17 de setembro de 2020.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a que, tendo en conta a relevancia socio-económica dos centros produtivos galegos da empresa pública NAVANTIA, reivindique e esixa a existencia dunha negociación real co goberno central, que teña en conta, como mínimo os seguintes aspectos:

1. Esixir a entrada da Xunta de Galiza no Consello de Administración de NAVANTIA.
2. Garantir a viabilidade económica da empresa e dos seus centros produtivos.
3. Activar ao máximo nivel a actividade comercial que permita alcanzar inmediatamente a suficiente carga de traballo para manter, e mesmo recuperar, o emprego de todos os cadros de persoal da industria auxiliar en NAVANTIA RÍA DE FERROL.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Aplicar unha correcta xestión empresarial e adoptar as medidas precisas nos ámbitos da organización, da produción, e da definición estratéxica do negocio, como financeiras e de investimento, de enxeñería, deseño, innovación, e diversificación que permitan:

4.1. Diseñar novos produtos dirixidos ao mercado da construción naval civil, nomeadamente no segmento dos cruceiros e do *off-shore*.

4.2. Potenciar a Fábrica de Turbinas do centro de Ferrol, procurándolle participación nos contratos da eólica mariña, traballando para obtención de produtos propios no sector das turbinas para xeración de enerxía, e potenciando as súas posibilidades de mecanizado convertíndoo en taller central da empresa a nivel estatal que dea servizo a todos os centros.

4.3. Construír novos talleres, diques, e outras infraestruturas necesarias, para garantir o futuro do centro de NAVANTIA RÍA DE FERROL como Centro con plenas capacidades para a construción naval, tanto militar como civil, así como para garantir tamén a división de Reparacións e Carenas na Ría de Ferrol, conformando un Complexo Integral para a Construción Naval.

5. Incluír aos cadros de persoal das compañías auxiliares en todas as medidas sociais e industriais que se adopten.

6. A incorporación inmediata como persoal propio da empresa principal de tantas persoas como marcharon ou está previsto que marchen por causa da aplicación do último plan de reestruturación posto en marcha en NAVANTIA.

7. Posta en marcha dun Centro tecnolóxico do sector naval na Ría de Ferrol, coa participación da propia Xunta, SEPI, NAVANTIA, UDC, industria auxiliar, empresas fabricantes de equipamentos, etc.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

8. Negociar de forma activa e efectiva coa Comisión europea a posibilidade de axudas á contratación na construción naval mentres non se poida garantir a igualdade de condicións para a contratación cos grandes competidores internacionais.”

Santiago de Compostela, 15 de setembro do 2020

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 15/09/2020 14:21:55

Ana Pontón Mondelo na data 15/09/2020 14:22:18



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa do deputado Gabriel Alén Castro , ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa, a seguinte **emenda á Proposición non de Lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, **10/PNC-000098(1158)** sobre a procura polo **Goberno galego** dun amplo acordo co sector turístico co fin de establecer un plan de choque para salvar o turismo.

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a seguir escoitando activamente e traballando polo sector turístico, comprometéndose a ampliar o Plan de Reactivación do Turismo aprobado en abril, e, dada a súa transversalidade, solicitando ao Estado as medidas necesarias temporais nos ámbitos laborais, fiscais, comerciais entre outros, implementando canto antes os fondos que vén de activar Europa para que redunden en toda a cadea de valor da actividade turística na nosa Comunidade Autónoma."

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/09/2020 18:05:41

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2020 18:09:10
Nº Rexistro: 2027
Data envío: 16/09/2020 18:09:10.389

Gabriel Alén Castro na data 16/09/2020 18:07:59

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRONAyhSOJ6V9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

